



Cartas de Alexandre Bóveda na mañaciña do seu fusilamento

Madrugada do 1936

Querido Vitín:

Non sei se fixen ben ou mal en procurar que me axudases con proveito. En calquera caso foi con desexo do teu ben.

Eu morro tranquilo; confío en que serei recibido onde todos queremos xuntarnos e fágoo con ledicia e confiando en Deus iste sacrificio. Quixen facer ben, traballei por Pontevedra, por Galicia e pola República, e o trabucado xuízo dos homes (que eu perdoe e todos debemos perdoar) condéname.

Sé, agora, máis home que endexamais porque é cando máis o precisas; polos nosos vellos e polos nenos, de quen, sen que puideramos esperalo, vas ser un pouco pai.

Confórtaos a todos e procura ser sempre bon. Non te arrepintas de canto ben teñas feito e poidas aínda facer.

Vitinciño: Aos pais, a Vera, a Carlos, a César, a todos, as miñas apertas.

Pra tí, irmanciño bon, a máis grande que podas recibir de

Alexandre

PS Reza por min que eu lembrareivos sempre e (se podo como espero) intercederei por vós. Ás 5 e 1/4

Madrugada do 17 de agosto

Choliñas, miña Peque, Vidiña:

Quixen escribirche moito. Mais xa sabes canto puidera decirche.

Perdóame todo, que os peques me lembren sempre; que cumplas tódolos meus encargos.

Eu, almiña, estarei sempre en vós, como che prometín.

Faltan uns minutos e teño valor, por vós, pola terra, por todos. Vou tranquilo.

Adeus, vidiña. Vive para os peques e os vellos. Iabrázaos, confórtaos! Sé tí, miña pequeniña admirable, a máis valente de todos. Alá sentirei ledicia e satisfacción de tí e de todos.

Lembrareivos sempre, velarei sempre por vós.

Adeus. Contigo, cos peques, cos vellos todos, estarei sempre na lembranza. Na máis grande, a máis fonda, a máis infinda das apertas, o voso Xandro

PS: recei contigo